Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Alegacións ao acordo do 19 de xuño de 2026 polo que se someten a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e o estudo de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Cantanarrás e as súas infraestruturas de evacuación (expediente IN408A 2024/021).

NON AO PARQUE EÓLICO CANTANARRÁS

Asina esta alegación para solicitar á Xunta de Galiza que NON autorice este proxecto.

D./Dª ..... DNI ..... veciño/a do

Concello de ....., comparece no trámite de información pública e, dentro do prazo establecido,

EXPÓN: Que manifesta a súa oposición ao proxecto polos seguintes motivos:

1. **Precedente Administrativo**: En 2023 emitiuse unha Declaración de Impacto Ambiental (DIA) desfavorable para o Parque Eólico Fonsanta, arquivado en 2024. Ocupaba o mesmo emprazamento (Monte Grande) e afectaba aos mesmos valores protexidos: Reserva da Biosfera Gerês-Xurés, especies ameazadas e patrimonio arqueolóxico. O expediente actual ignora este antecedente administrativo directo.
2. Precedente Legal: A entrada en vigor do Decreto 238/2020 (Directrices de Paisaxe de Galiza) esixe xustificar explicitamente como o deseño do proxecto incorpora os Obxectivos de Calidade Paisaxística (OCP). O estudo presentado limítase a citas normativas xenéricas, omitindo a xustificación preceptiva esixida pola Lei 7/2008 para expedientes tramitados actualmente. A metodoloxía do Estudo de Paisaxe baséase integramente en análises técnicas de gabinete **sen que conste ningún proceso de consulta á poboación local**.
3. Precedente Normativo: **Protección da Lagoa Grande**. Mediante a Resolución do 9 de febreiro de 2024, a Xunta de Galiza inclúe a Lagoa Grande (0,25 ha) no Inventario de Zonas Húmidas. Situada a só 40 metros da poligonal do parque, goza de protección legal específica conforme ao Decreto 127/2008 e á Lei 5/2019, omitida na análise hidrolóxica do estudo.
4. **O Estudo de Impacto Ambiental non acredita suficientemente que o proxecto sexa compatible coa protección do medio ambiente**.
5. O propio expediente recoñece **impactos permanentes sobre aves, morcegos e outros elementos da biodiversidade**, mesmo despois da aplicación das medidas correctoras previstas.
6. A avaliación dos efectos acumulativos e sinérxicos cos parques eólicos e demais infraestruturas enerxéticas existentes ou previstas na comarca resulta **insuficiente**.
7. O proxecto supón unha transformación permanente da paisaxe, do territorio e doutros valores naturais e culturais que constitúen un patrimonio común de difícil recuperación. Visualización directa desde o Camiño da Prata (18,6%) e **"normalización" do impacto acumulativo** por ter parques e liñas na contorna.
8. O expediente presenta **contradicións e importantes incertezas técnicas** que impiden considerar acreditada a súa viabilidade ambiental. Discrepancia ao cualificar o impacto sobre a Mámoa da Gándara Chá como "Severo" no corpo principal e "Moderado" no Anexo Arqueolóxico. Ou, considera "Compatible" o impacto no humidal mentres o propio Anexo de Fauna confirma a presenza de especies protexidas (Tringa ochropus) na Lagoa Grande.
9. De acordo co **principio de precaución**, mentres non quede demostrada a inexistencia de impactos ambientais significativos, o proxecto non debe ser autorizado.
10. A Xunta leva máis dun ano na fase previa de elaboración do novo Plan Eólico. En aplicación do principio de precaución (art. 191.2 TFUE), **debe imporse unha moratoria eólica** e denegar a DIA **até definir as novas Zonas de Aproveitamento Eólico (ADE).**

SOLICITA:
Que se teñan por presentadas estas alegacións **e que, en consecuencia, se formule Declaración de Impacto Ambiental desfavorable e se deneguen a autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción e, se é o caso, a declaración de utilidade pública do Parque Eólico Cantanarrás e das súas infraestruturas de evacuación**.

En _____, ___ de _____ de 2026.

Sinatura: